

novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999 e pola Lei 24/2001.

Artigo 5º.-Grupos de traballo.

1. A Comisión de Coordinación de Calidade poderá constituír grupos de traballo para o estudo de temas específicos. Estes grupos de traballo estarán integrados por membros da devandita comisión, de entre os que se nomeará un coordinador, así como por outros expertos e técnicos, non membros, que o presidente da comisión designe por proposta do coordinador.

2. Os grupos de traballo informarán periodicamente á comisión do desenvolvemento das actividades encomendadas. Cada uno destes grupos disolverase unha vez alcanzados os obxectivos para os que foi creado.

Artigo 6º.-Asesoramento.

A comisión e os grupos de traballo, a través do seu presidente, poderán solicitar asesoramento aos expertos que consideren oportunos para as funcións que se lles encomendan.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o secretario xeral da Consellería de Sanidade para adoptar as medidas adecuadas en relación coa execución e desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 7 de xullo de 2004.

José María Hernández Cochón
Conselleiro de Sanidade

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA

Decreto 156/2004, do 1 de xullo, polo que se acorda a creación da Academia de Farmacia de Galicia.

A constitución da Sección Galicia da Real Academia de Farmacia de Galicia tivo lugar o 4 de novembro de 1992. A súa finalidade primordial é acadar mellores resultados no desenvolvemento e na difusión das ciencias farmacéuticas dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.

O Estatuto de autonomía para Galicia, no seu artigo 27, número 19, atribúe aos poderes públicos de Galicia o fomento da cultura e da investigación en Galicia, sen prexuízo do establecido no artigo 149.2º da Constitución. Co fin de proceder ao exercicio efectivo das anteriores competencias e tendo en con-

ta o importante labor que o fomento da cultura e da investigación realizan as academias, estas foron obxecto de regulación polos decretos 373/2003, do 16 de outubro, sobre asunción por parte da Comunidade Autónoma de Galicia das funcións en materia de academias e a súa asignación a diversos departamentos da Xunta de Galicia e o Decreto 392/2003, do 23 de outubro, polo que se regula o exercicio pola Comunidade Autónoma de Galicia das competencias en materia de academias de Galicia.

O Instituto de España e a Real Academia de Farmacia acordan emitir informe favorable da solicitude da Sección Galicia da Real Academia de Farmacia de Galicia para constituír a Academia de Farmacia de Galicia.

Na súa virtude, por proposta do conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública e tras a deliberación do Consello da Xunta de Galicia, na súa reunión do día un de xullo de dous mil catro,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Créase a Academia de Farmacia de Galicia que se rexerá polos estatutos que figuran como anexo a este decreto.

Artigo 2º

A Academia de Farmacia de Galicia queda adscrita á Consellería de Sanidade.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Facúltase o conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública e o conselleiro de Sanidade para que no ámbito das súas competencias, ditén as disposicións necesarias para o cumprimento do establecido neste decreto.

Segunda.-Este decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, un de xullo de dous mil catro.

Manuel Fraga Iribarne
Presidente

Jaime Pita Varela
Conselleiro da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública

ANEXO

Estatutos da Academia de Farmacia de Galicia

Capítulo I

Artigo 1º.-Natureza.

A Sección Galicia da Real Academia de Farmacia, creada por acordo da Xunta de Goberno da Real Academia de Farmacia, con data do 14 de xaneiro de 1993, adquire a consideración da academia con personalidade propia, co nome de Academia de Farmacia de Galicia. A Academia de Farmacia de Galici-

cia é unha corporación de dereito público, dotada de personalidade xurídica e capacidade de obrar, integrada por todos os académicos que a compoñen.

O ámbito de actuación da Academia de Farmacia de Galicia abrangue toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2º.-Sede.

A Academia de Farmacia de Galicia ten a súa sede no Antigo Hospital de San Roque, rúa San Roque nº 2, Santiago de Compostela.

Artigo 3º.-Adscrición administrativa.

A Academia de Farmacia de Galicia quedará adscrita ao departamento que sinale o Consello de Goberno da Xunta de Galicia.

Artigo 4º.-Fins.

Os fins da Academia de Farmacia de Galicia son:

O fomento da investigación e estudo das ciencias farmacéuticas e das ciencias relacionadas coa farmacia.

Asesoramento aos órganos públicos oficiais naqueles campos que lle son propios.

Asesoramento ás institucións privadas que llo solicitan, baixo as condicións que a propia Academia estime convenientes.

Elaboración de estados e informes sobre materias vencelladas coa profesión farmacéutica e as súas actividades.

Fomento das relacións con outras institucións análogas.

Creación e conservación de fondos materiais e documentais relacionados coa docencia, a investigación e a profesión farmacéutica.

Divulgación científica e formación permanente dos profesionais da farmacia.

Recoñecemento mediante premios, diplomas ou distincións das actividades que redunden en beneficio da farmacia e da propia academia.

Artigo 5º.-Símbolos.

A Academia de Farmacia de Galicia identificarase mediante os seguintes símbolos:

5.1. Unha medalla configurada por un óvalo gravado no anverso e no reverso. O anverso vai orlado pola lenda «Academia de Farmacia de Galicia», coas letras douradas sobre fondo morado; o núcleo, sobre fondo branco, inclúe o emblema tradicional da farmacia, composto por unha copa con pé dourado por unha serpe, en alusión ao símbolo da farmacia. O reverso componse dun óvalo, de fondo azul, celeste, cun cáliz dourado rodeado por sete cruces douradas, en alusión ao escudo do Antigo Reino de Galicia. O núcleo da medalla está rodeado por ramas de loureiro, como símbolo da excelencia do recoñecemento. A medalla dos académicos de número será numerada.

5.2. Un escudo, reproducido como timbre en toda a súa correspondencia e documentación oficial, que repite o anverso e o reverso da medalla descrita no parágrafo 5.1.

Capítulo II Dos académicos

Artigo 6º.-Clases de académicos.

A Academia de Farmacia de Galicia está constituída polos académicos de distintas clases, ata un número máximo que se indica en cada caso.

- a) Vinte e cinco académicos de número.
- b) Cincuenta académicos correspondentes.
- c) Tres académicos de honra.
- d) Académicos de número eméritos.

Artigo 7º.-Académicos de número.

7.1. Para ser elixido académico de número é necesario cumprir as seguintes condicións:

- a) Ser español.
- b) Ser licenciado en farmacia ou en ciencias afíns e estar en posesión do título de doutor.
- c) Residir en Galicia.
- d) Destacar en campo científico ou técnico relacionado coa farmacia ou en ciencias afíns.

7.2. Do total de académicos de número 20 serán licenciados en farmacia e os restantes serán licenciados en ciencias afíns.

7.3. A Academia de Farmacia de Galicia cubrirá sucesivamente as vacantes das respectivas clases, de ser o caso, indicando a quenda correspondente, a licenciados en farmacia ou en ciencias afíns. Coa antelación comunicarase aos académicos de número e aos académicos eméritos as vacantes que vaian saír a concurso.

7.4. A solicitude a concurso a unha praza determinada irá acompañada dunha declaración de cumprimento das condicións básicas, indicadas no punto 7.1 e dun curriculum vitae no que figuren os méritos que o candidato estime convenientes.

7.5. As solicitudes admitidas en tempo e forma serán sometidas á xunta xeral extraordinaria convocada para o efecto, que quedará validamente constituída pola presenza da metade máis un dos académicos de número e académicos de número eméritos. A votación será secreta. Para ser elixido en primeira votación será necesario obter polo menos o voto favorable de dous tercios dos votos emitidos, entre os que se contarán os emitidos por correo certificado por parte dos académicos que xustificuen a imposibilidade de asistir a sesión. Se ningún dos candidatos a unha praza obtivese os votos necesarios procederase a unha segunda votación, na que será necesario obter polo menos o voto favorable de dous tercios dos votos dos académicos presentes. Se ningún dos candidatos obtivese os votos necesarios procederase a unha terceira votación, na que será necesario obter a metade máis un dos votos dos académicos presentes.

7.6. Os académicos de número electos terán a obriga de ler o seu discurso de ingreso nos termos que fixe a xunta de goberno.

Artigo 8º.-Académicos de honra.

Poderán ser elixidos académicos de honra os españois e estranxeiros que destacaran de forma eminente polas súas contribucións á farmacia desde calquera campo.

Os candidatos serán propostos pola xunta de goberno e aprobados pola xunta xeral ordinaria, en votación secreta. O procedemento de aprobación é o mesmo que o sinalado para a primeira votación dos académicos de número, segundo o número 7.5.

Artigo 9º.-Académicos de número emérito.

Os académicos de número pasarán automaticamente a académicos de número eméritos ao cumprir 75 anos, e os que o soliciten, por motivos xustificadas, a calquera idade.

Os académicos de número eméritos poderán utilizar o título de académico numerario emérito, avalar propostas de académicos de número e académicos correspondentes, e de todas aquelas representacións e actividades que non estean expresamente rechazadas nos estatutos ou nos regulamentos.

O paso a académico de número emérito supón deixar vacante a praza de académico de número.

Artigo 10º.-Académicos correspondentes.

Para ser académico correspondente é necesario ser licenciado en farmacia ou en ciencias afíns e destacar pola súa actividade científica ou polos seus traballos a favor dos fins propios da Academia de Farmacia de Galicia.

O ingreso como académico correspondente será a proposta de tres académicos de número, ou de dous académicos de número e un académico de número emérito, e serán elixidos en xunta xeral ordinaria, logo de indicación expresa na orde do día da súa convocatoria. O procedemento de elección será análogo ao dos académicos de número. Os académicos correspondentes electos terán a obriga de ler o seu discurso de ingreso nos termos que fixe a xunta de goberno. Nos casos xustificadas, a lectura do seu discurso poderá ser delegada nun académico de número.

Os académicos correspondentes maiores de 75 anos non contarán para efectos do límite máximo previsto no artigo 6.b.

Artigo 11º.-Dereitos dos académicos.

11.1. De forma xeral, todos os académicos ten dereito o uso de título de académico, con indicación expresa da clase a que pertencen.

11.2. Son dereitos dos académicos de número:

- a) O tratamento de ilustrísimo señor.
- b) Voz e voto en todas as xuntas e sesións.
- c) Posibilidade de ser elixido para desempeñar calquera cargo da academia.
- d) Formar parte de calquera das comisións e sección existentes na academia.

e) Propoñer académicos de número e académicos correspondentes.

f) Uso da medalla oficial.

g) Percepción, con cargo aos fondos da corporación, dos honorarios correspondentes polas comisións, asistencia a sesións ou participación en traballos encargados pola academia.

11.3. Son dereitos de académicos de honra e académicos correspondentes:

a) Formar parte das seccións para as que foran nomeados pola xunta xeral, por proposta da xunta do goberno.

b) Uso da medalla oficial, sostida por cordón trenzado, de cor morada.

11.4. Son dereitos dos académicos de número eméritos:

a) O tratamento de ilustrísimo señor.

b) Propoñer académicos de número e académicos correspondentes.

c) Formar parte das seccións para as que foran nomeados pola xunta xeral, por proposta da xunta de goberno.

c) Uso da medalla oficial.

Artigo 12º.-Deberes dos académicos.

12.1. Son deberes de todos os académicos:

a) Cumprir os estatutos, o regulamento e os acordos da corporación naquelo que lles afecte, contribuír ao progreso da ciencia e ao prestixio da academia e da profesión farmacéutica.

b) A doazón á biblioteca da academia, tras a súa toma de posesión, dun exemplar dos seus traballos científicos, técnicos, literarios ou de divulgación dos que sexan autores ou colaboradores; así mesmo entregarán posteriormente os traballos que se vaian publicando.

c) A comunicación periódica, tras a súa posesión, de todos os datos persoais de carácter académico que poidan servir para documentar o seu arquivo persoal, que será custodiado na Secretaría.

12.2. Son deberes dos académicos de número:

a) A lectura do discurso de inauguración do curso académico cando, por orde de antigüidade, lle corresponda.

b) A asistencia ás xuntas xerais, e as reunións das seccións e comisións ás que pertencen.

c) A redacción dos informes e estudos que lles encargue a corporación.

12.3. Son deberes dos académicos correspondentes:

a) A aceptación e cumprimento das comisións e encargos que se lles confíen.

Artigo 13º.-Distintivos.

13.1. Os académicos usarán como distintivo da súa condición a medalla descrita no artigo 3a. A medalla será custeada polos propios académicos, e será da súa propiedade.

13.2. Os académicos numerarios usarán a medalla oficial, sostida por un cordón dobre trezado, de cor morada e ouro.

13.3. Os académicos correspondentes usarán a medalla oficial, non numerada, sostida por un cordón trezado, de cor morada.

13.4. Os académicos de honra usarán a medalla oficial, non numerada, sostida por un cordón de cor ouro.

13.5. Os académicos de número eméritos manterán a súa medalla.

Capítulo III Réxime interior

Artigo 14º.-Xunta xeral.

14.1. A xunta xeral é o órgano soberano da corporación, e dela deriva a autoridade delegada da xunta de goberno. Está integrada por todos os académicos de número e académicos de número eméritos.

14.2. A xunta xeral reunirse en sesións ordinarias e extraordinarias. De forma ordinaria reunirse, polo menos, o último trimestre do ano; de forma extraordinaria reunirse por decisión do presidente da academia, por solicitude da xunta de goberno, cando o solicite por escrito un mínimo dun terzo dos académicos que a forman, con indicación do asunto que se vaia tratar. A xunta xeral extraordinaria conterá un só punto na orde do día.

14.3. Son atribucións da xunta xeral ordinaria:

- a) A aprobación dos orzamentos e contas.
- b) A convocatoria de premios e actividades relacionadas cos fins da academia.
- c) O establecemento de relacións científicas e culturais.
- d) Tratar todos aqueles asuntos que lle sexan propostos pola xunta de goberno.
- e) A elección dos académicos de número, os académicos de honra e os académicos correspondentes.

14.4. Son atribucións da xunta xeral ordinaria:

- a) A proposta de modificación dos estatutos e aprobación final do regulamento.
- b) A elección dos cargos da xunta de goberno da súa competencia.
- c) Todos aqueles asuntos que lle sexan propostos polo presidente, pola xunta de goberno ou por un mínimo do tercio de académicos de número e académicos eméritos, indicando o asunto que desexan tratar.

Artigo 15º.-A xunta de goberno: composición.

15.1. A academia será rexida por unha xunta de goberno, constituída polos académicos de número, composta polos seguintes cargos:

- a) Presidente.
- b) Vicepresidente.

c) Secretario.

d) Vicesecretario.

e) Tesoureiro.

f) Bibliotecario.

g) Presidentes de seccións.

15.2. Deses cargos estarán cubertos, polo menos, os de presidente, secretario e tesoureiro.

15.3. As súas funcións serán definidas no Regulamento de réxime interior. A xunta de goberno reunirse, polo menos, unha vez ao mes.

Artigo 16º.-Xunta de goberno. Elección de cargos e duración de mandatos.

16.1. A elección dos cargos da xunta de goberno é competencia da xunta xeral, reunida en sesión extraordinaria, salvo os presidentes das seccións, que serán elixidos por elas, e teñen carácter de membros natos da xunta de goberno.

16.2. A xunta xeral onde se produza a elección dos cargos da xunta de goberno quedará validamente constituída pola presenza da metade máis un dos académicos de número existentes. Para resultar elixido é necesario obter a metade máis un dos votos emitidos, incluídos os votos por correo dos académicos que xustifiquen a súa ausencia.

16.3. Os cargos terán unha duración de catro anos.

16.4. Os cargos que queden vacantes, e se cubran iniciado o quadrienio, cesarán ao final do período.

Artigo 17º.-A xunta de goberno: facultades e funcións.

Son facultades da xunta de goberno:

- a) Representar e administrar a academia.
- b) Informar dos orzamentos e das contas que vaian ser sometidas para a súa aprobación pola xunta xeral.
- c) Estudar e tramitar as propostas á xunta xeral de modificación dos estatutos e do regulamento de réxime interior.
- d) Tramitar as propostas para cubrir as vacantes de académicos de número e nomear académicos correspondentes.
- e) Propoñer a xunta xeral do nomeamento de académicos de honra.
- f) Admitir a renuncia dos seus membros e convocar as oportunas eleccións.
- g) Designar os académicos de número que han de formar parte das comisións permanentes ou temporais, de representantes ante outras institucións ou dos encargos de servizos xerais da propia academia.
- h) Adoptar todos aqueles acordos que estime convenientes en relación cos fins da academia.
- i) Iniciar os procedementos de disciplina ante a comisión correspondente.
- j) Nomear e cesar o persoal contratado.

k) Resolver as cuestión de trámite.

Artigo 18º.-Presidente e vicepresidente.

18.1. O presidente da academia é a máxima autoridade da corporación e represéntaa ante calquera clase de entidade pública ou privada ou persoa física.

18.2. Son atribucións do presidente:

a) Convocar, presidir e, se for necesario, suspender as reunións.

b) Fixar a orde do día da xunta de goberno e das xuntas xerais.

c) Facer uso do voto de calidade, no caso de empate, nas votacións da xunta de goberno e da xunta xeral ordinaria.

d) Establecer o calendario das actividades académicas.

e) Asinar as actas e certificados xunto co secretario.

f) Ordenar pagamentos, abrir ou cancelar contas bancarias e asinar talóns bancarios.

g) Conferir poder a avogados e procuradores para que actúen ante xulgados e tribunais en defensa dos interese da corporación.

h) Aquelas outras que lle sexan delegadas pola xunta xeral.

18.3. O vicepresidente auxiliará o presidente no exercicio das súas funcións e suplirao temporalmente nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra causa legal.

Artigo 19º.-Secretario e vicesecretario.

19.1. Son funcións do secretario:

a) A redacción das actas das sesións e da execución dos acordos da corporación.

b) A custodia dos libros de actas e os documentos oficiais, así como do arquivo da academia.

c) A xefatura do persoal contratado.

d) A expedición dos certificados e o trámite dos acordos tomados.

e) A elaboración dun rexistro de academias.

f) A redacción da memoria anual da corporación.

g) Abrir ou cancelar contas bancarias e asinar talóns bancarios.

19.2. O vicesecretario auxiliará o secretario no exercicio das súas funcións e suplirao temporalmente nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou outra ausencia legal.

Artigo 20º.-Tesoureiro.

O tesoureiro asume a administración e custodia dos fondos e valores da academia. En función do seu cargo, informará o presidente, a xunta de goberno e a xunta xeral da situación financeira da corporación. O tesoureiro é o habilitado da corporación para todos os efectos, o que inclúe abrir ou cancelar contas bancarias e asinar talóns bancarios. O tesou-

reiro presentará os orzamentos de cada exercicio e das contas do anterior á xunta de goberno, esta emitirá informe e elevaraa á xunta xeral. O seu cesamento ou demisión, deixará un inventario de fondos ao seu sucesor.

Artigo 21º.-Bibliotecario.

O bibliotecario terá ao seu cargo a custodia e a organización da biblioteca. Será encargado de poñer a compra de libros e revistas para a biblioteca, así como de establecer os intercambios de publicacións que procedan, no caso de creación dunha comisión de publicacións, será o seu presidente, e asumirá a dirección das posibles publicacións periódicas que realice a corporación.

Artigo 22º.-Das seccións e comisións.

A academia poderá estruturarse organicamente en seccións, en número e coa orientación que acorde a xunta xeral. O funcionamento e as atribucións das comisións especificaranse no regulamento da academia.

Para un funcionamento máis áxil e participativo, a academia promoverá a creación de comisións cuxa condición, composición e funcións se especifican no regulamento da academia.

Artigo 23º.-Do persoal administrativo e contratado.

A academia poderá contratar persoal civil e laboralmente, con cargo aos seus orzamentos, o persoal necesario para o seu funcionamento.

Capítulo IV

Do patrimonio e réxime económico

Artigo 24º.-Do patrimonio.

O patrimonio da Academia de Farmacia de Galicia esta composto polo capital e os recursos financeiros propios, o mobiliario da súa sede oficial, os fondos bibliográficos e o arquivo. Incorporaranse ao seu patrimonio todos os obxectos de interese científico, histórico, artístico e utilitario procedentes de compra ou de doazón que sexan aceptados pola academia.

A academia poderá aceptar cesións temporais de calquera clase de bens se así se acorda.

A academia ten o deber de conservar o seu patrimonio no mellor estado posible e dalo a coñecer.

Artigo 25º.-Capital e recursos financeiros.

Os fondos da academia están compostos por:

a) Os recursos propios.

b) As subvencións oficiais e as doazóns de entidades públicas e privadas ou calquera tipo de persoa física ou xurídica.

c) Todas as cantidades que a corporación ingrese por calquera outro concepto.

Artigo 26º.-Xestión dos recursos financeiros.

26.1. O tesoureiro dará conta, á xunta de goberno e á xunta xeral, das subvencións recibidas e das cantidades ingresadas directamente, na primeira reunión que realice cada unha despois da recepción.

26.2. Os recursos financeiros serán administrados pola xunta de goberno.

Artigo 27º.-Aplicación dos recursos.

A Academia de Farmacia de Galicia investirá os seus recursos na forma máis conveniente para o cumprimento dos seus fins, dentro das normas da lexislación vixente.

Artigo 28º.-Contabilidade.

A Academia de Farmacia renderá contas a Xunta de Galicia das cantidades de que pode ser beneficiaría e que están consignadas no orzamento de dita consellería.

28.1. Do resto dos ingresos, a tesourería da corporación levará control detallado e renderá contas á comisión de goberno interior, xunta de goberno e xunta xeral.

28.2. A apertura e o peche das contas bancarias correspóndelles conxuntamente ao presidente, ao secretario e ao tesoureiro. Os talóns bancarios expedidos pola academia deberán estar asinados por dous dos tres titulares das contas.

Capítulo V

Da actividade da Academia de Farmacia de Galicia

Artigo 29º.-Clases de reunións.

A academia reunirse en sesións públicas e privadas.

a) As sesións públicas terán lugar periodicamente, de acordo co seu regulamento de réxime interior.

b) Son sesións públicas ordinarias as conferencias, discursos, presentación de estudos e calquera outra que así decida a xunta de goberno.

c) Son sesións públicas extraordinarias as de carácter solemne, de acordo co regulamento, en particular a toma de posesión dos académicos de número, de honra, correspondentes, sesións necrolóxicas e de homenaxe, entrega de premios e distincións e calquera outra que así decida a xunta de goberno.

d) Son sesións privadas as xunta xerais e de goberno, así como as das seccións e comisións, cuxa reunión periódica se fixará no regulamento de réxime interior.

Artigo 30º.-Presidencia dos actos corporativos.

30.1. Nas reunións dos actos corporativos da presidencia corresponderá ao presidente da corporación, salvo aquelas ocasións nas que estea presente o titular da consellería coa que se relacione administrativamente, ou sexa de aplicación a normativa de protocolo da Xunta de Galicia ou do Estado.

30.2. Terán lugar reservado na mesa presidencial as autoridades que determine a xunta de goberno.

Artigo 31º.-Relacións institucionais.

A Academia de Farmacia de Galicia manterá especiais relacións co Instituto de España, coas academias galegas, nacionais e estranxeiras, cas universidades, especialmente cas facultades de farma-

cia, así como as organizacións farmacéuticas e todo o que represente o exercicio da profesión farmacéutica. De maneira moi particular esas relacións orientaranse no ámbito de Galicia.

Capítulo VI

Da reforma dos estatutos e disolución da academia

Artigo 32º.-Reforma dos estatutos.

32.1. Os estatutos da Academia de Farmacia de Galicia poderán ser reformados por proposta da xunta de goberno ou por iniciativa de polo menos dous terzos dos académicos de número e académicos de número eméritos, con indicación do sentido da reforma.

32.2. A reforma levarase á xunta xeral extraordinaria, e necesitará o voto favorable de polo menos dous terzos dos académicos de número.

32.3. Aprobada a modificación, a xunta de goberno presentaraa ante a autoridade competente.

Artigo 33º.-Disolución da academia.

No caso de disolución da academia, todos os seus bens se transferirán ao patrimonio da Xunta de Galicia.

Capítulo VII

Disposición derogatoria

Artigo 34º.-Disolución da Real Academia de Farmacia, Sección Galicia.

34.1. No momento da creación da Academia de Farmacia de Galicia e entrada en vigor destes estatutos, queda disolta a Real Academia de Farmacia, Sección Galicia, da que deriva, e derogados os seus estatutos.

34.2. Os académicos de número ou doutras clases pertencentes a Real Academia de Farmacia, Sección Galicia, pasan a Academia de Farmacia de Galicia formando parte das clases de académicos coa titulación correspondente.

34.3. Os bens de calquera clase pertencentes a Real Academia de Farmacia, Sección Galicia pasan a formar parte do patrimonio da Academia de Farmacia de Galicia.

Santiago de Compostela, 25 de febreiro de 2004.

Jesús Izco Sevillano

Presidente da Academia de Farmacia de Galicia

Enrique Raviña Rubira

Secretario da Academia de Farmacia de Galicia

Orde do 8 de xullo de 2004 pola que se convocan os Premios Galicia de Comunicación 2004.

Co fin de promocionar todo o que contribúa a profundar na realidade galega, así como para recom-